# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36019232 | IES Monte da Vila | O Grove | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 3º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 18 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 21 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 22 |
| 7.2. Actividades complementarias | 23 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 23 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 25 |
| 9. Outros apartados | 26 |

## 1. Introdución

A materia de Xeografía e Historia no 3º curso da ESO preséntasenos como unha ferramenta fundamental para que o alumnado comprenda a realidade na que vive e sexa capaz de detectar algunhas cuestións problemáticas e propoñer solucións ás mesmas.
Con esta perspectiva, estruturamos a materia en dous grandes bloques:
1.- Xeografía: neste primeiro bloque, que abarcará a 1ª avaliación e parte da 2ª, abordaremos os criterios de avaliación relativos á xeografía humana e económica desde unha perspectiva global. Comezaremos co estudo da poboación e as súas formas de organización territorial e política, facendo fincapé na pegada humana sobre o medio e nos retos que isto nos formula. En relación, achegarémonos á realidade económica do mundo, incidindo nas súas consecuencias e tratando de formular alternativas máis respectuosas coa contorna. Remataremos o bloque facendo alusión á nosa realidade máis próxima: España e Galicia.
2.- Historia: a segunda parte da materia tratará de afondar naquelas transformacións ideolóxicas, políticas, sociais, económicas e culturais do s.XVIII que deron inicio á contemporaneidade. Deste xeito, estudaremos os dous grandes sistemas políticos da centuria a través dos casos británico e francés para poder comprender os dous grandes procesos de cambio que transformaron a realidade política, económica e social do momento: a Revolución Francesa e a Industrial. En canto a España, abordaremos o período comprendido entre dúas guerras: a de Sucesión e a da Independencia, a cal estudaremos a partir das obras de Goya.

Trataremos de vecellar esta proposta coa realidade do noso alumnado. Para isto, formularemos actividades prácticas ligadas coa súa contorna socioafectiva, a fin de espertar o seu interese e reforzar a súa participación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Poboación e sociedades | Estudo da poboación mundial e das súas formas de organización territorial (tipos de poboamentos) e política (sistema democrático e funcionamento). Faremos fincapé nos casos de España e Galicia. | 15 | 15 | X | | |
| 2 | Interaccións sociedade - medio | Abordaremos as diferenzas entre os espazos naturais e humanizados. Tamén estudaremos os efectos da pegada humana sobre o medio e os retos actuais que isto nos plantexa a nivel global. | 10 | 11 | X | | |
| 3 | Actividades económicas | En relación á UD anterior, trataremos os diferentes sistemas económicos e os sectores produtivos, afondando na perspectiva ambiental. Centrarémonos tamén na globalización económica e social. | 15 | 15 | X | | |
| 4 | As actividades económicas en España e Galicia | Afondaremos nos casos español e galego, tratando os sectores e actividades econdómicas principais, a súa pegada no medio e as desigualdades xeneradas pola distribución dos recursos e do traballo. Tamén incidiremos no papel da UE e nos retos futuros que a realidade nos debuxa. | 10 | 12 | | X | |
| 5 | Século XVIII: Ilustración e crise do Antigo Réxime | Nesta UD achegarémonos aos dous grandes sistemas políticos da centuria: o parlamentarismo e o absolutismo, a partir dos exemplos británico e francés. Trataremos a influencia do parlamentarismo no xurdimento da Ilustración, e como esta nova corrente afectou á política co despotismo ilustrado. Finalmente, abordaremos dous procesos de cambio que tiveron como influencia ideolóxica a Ilustración e que sentaron as bases da contemporaneidade: a independencia das 13 colonias e a Revolución Francesa. | 15 | 15 | | X | |
| 6 | A España dos Borbóns: 1700-1814 | O século XVIII en España iniciouse cun cambio de dinastía e rematou, en termos históricos, coa fin da Guerra da Independencia e o establecemendo dun breve réxime liberal. Afondaremos nos cambios que supuxo a chegada da nova dinastía ao trono, asi como nos efectos que as tendencias políticas e ideolóxicas de finais de século tiveron en España e Galicia. | 15 | 15 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | A Revolución Industrial | Os cambios políticos iniciados no XVIII non poden entenderse sen atender á nova realidade socioeconómica xurdida coa industrialización. Abordaremos os antecedentes, o exemplo británico e a adopción do novo método de produción por outros estados. Afondaremos na perspectiva social e no xurdimento dos primeiros movementos reivindicativos. | 15 | 15 | | | X |
| 8 | Arte no século XVIII. A figura de Francisco de Goya | As correntes e manifestacións artísticas do XVIII serán o obxecto de estudo de esta UD, centrándonos na figura de Goya e no seu papel como testemuña histórica. | 5 | 7 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Poboación e sociedades | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Coñecer e defender os valores constitucionais e democráticos. | PE | 60 |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Establecer relacións entre os coñecementos adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos e ecosociais que conforman a sociedade actual. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. | Recoñecer o funcionamento e institucións principais do Estado e o seu papel para defender a convivencia. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar contidos propios en distintos formatos, usando e contrastando criticamente fontes fiables do presente e da historia contemporánea. | TI | 40 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Reelaborar os coñecementos previos para xerar produtos orixinais a través de ferramentas de investigación. | | |
| CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Coñecer os ODS e facer propostas que contribúan ao seu logro. | | |
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Realizar propostas que contribúan ao logro dos ODS. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Deseñar iniciativas orientadas á mellora da contorna e da vida en sociedade. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial. |
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico. |
| - Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais |

| Contidos |
|---|
| - accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.<br>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.<br>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.<br>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Interaccións sociedade - medio | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico. | Identificar os elementos do medio e analizar a relación das sociedades con este. | PE | 60 |
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os trazos identitarios propios e colectivos. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Desenvolver actividades que reflictan o dominio e consolidación dos contidos tratados, empregando as estratexias e metodoloxías propias das CCSS. | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes. | Elaborar propostas orientadas ao logro dos ODS aplicando a metodoloxía propia das CCSS. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Recoñecer e propoñer solucións construtivas aos problemas derivados da relación das sociedades co medio. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade social e valorar as achegas dos movementos sociais en prol dos dereitos das minorías e da inclusión e igualdade real | TI | 40 |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Idear e adoptar prácticas e actitudes orientadas ao logro do desenvolvemento sustentable e a conservación do medio. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Desenvolver actitudes e iniciativas destinadas a mellorar o entorno social e natural. | | |
| CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre. | Analizar a realidade e propoñer solucións baseadas no compromiso activo para os problemas que se poidan detectar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.<br>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.<br>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas |

| Contidos |
|---|
| - formas de identificación cultural.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Actividades económicas | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade social e as achegas dos movementos sociais en prol dos dereitos das minorías e da inclusión e igualdade real. | PE | 60 |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | | |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas derivados das relacións entre as sociedades e o medio. | | |
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Idear e adoptar actitudes destinadas ao logro do desenvolvemento sustentable e a conservación da contorna. | TI | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade social e as achegas dos movementos sociais en prol dos dereitos das minorías e da inclusión e igualdade real. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. |
| - Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade. |
| - Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos. |
| - Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. |
| - Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática. |
| - Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida. |
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | As actividades económicas en España e Galicia | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta. | Idear e adoptar actitudes destinadas ao logro do desenvolvemento sustentable e a conservación da contorna. | PE | 60 |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | | |
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | | |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade social e as achegas dos movementos sociais en prol dos dereitos das minorías e da inclusión e igualdade real. | | |
| CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer a riqueza da diversidade social e as achegas dos movementos sociais en prol dos dereitos das minorías e da inclusión e igualdade real. | TI | 40 |
| CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodependencia. | Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas derivados das relacións entre as sociedades e o medio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|

| Contidos |
|---|
| - Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.<br>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.<br>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.<br>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.<br>- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | Século XVIII: Ilustración e crise do Antigo Réxime | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar contidos propios en distintos formatos empregando a metodoloxía de investigación propia das CCSS. | PE | 60 |
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Comprender a dinámica da historia como un proceso causal e realizar análises de casos a partir das estratexias da historia comparada. | | |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Elaborar e empregar secuencias cronolóxicas complexas, diacrónicas e sincrónicas, a fin de establecer relacións entre os contidos e comprender a dinámica causas-consecuencias. | | |
| CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro. | Identificar feitos e procesos históricos de cambio, a nivel global e local, establecer relacións causa-consecuencia entre eles. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos. | Coñecer, valorar e desenvolver responsabilidades, dereitos e deberes e defender dun xeito activo o sistema democrático. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Desenvolver actividades que reflictan o dominio e consolidación dos contidos tratados, empregando as estratexias e metodoloxías propias das CCSS. | | |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos, empregando a metodoloxía de investigación propia das CCSS. | TI | 40 |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Realizar traballos diversos, en grupo e individuais, baseados na análise, síntese, reinterpretación e transmisión da información a partir de medios diversos. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A España dos Borbóns: 1700-1814 | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares. | Comprender a dinámica da historia como un proceso causal e realizar análises de casos a partir das estratexias da historia comparada. | PE | 60 |
| CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía. | Elaborar e empregar secuencias cronolóxicas complexas, diacrónicas e sincrónicas, a fin de establecer relacións entre os contidos e comprender a dinámica causas-consecuencias. | | |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | | |
| CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados. | Desenvolver actividades que reflictan o dominio e consolidación dos contidos tratados, empregando as estratexias e metodoloxías propias das CCSS. | | |
| CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación. | Elaborar contidos propios en distintos formatos empregando a metodoloxía de investigación propia das CCSS. | TI | 40 |
| CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes. | Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos, empregando a metodoloxía de investigación propia das CCSS. | | |
| CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos. | Realizar traballos diversos, en grupo e individuais, baseados na análise, síntese, reinterpretación e transmisión da información a partir de medios diversos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.<br>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |

| Contidos |
|---|
| - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | A Revolución Industrial | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | PE | 60 |
| CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | | |
| CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos. | Recoñecer movementos e causas que traballen para a eliminación das desigualdades e o pleno desenvolvemento da cidadanía democrática. | TI | 40 |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.<br>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.<br>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.<br>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.<br>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Arte no século XVIII. A figura de Francisco de Goya | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | TI | 100 |
| CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais. | Recoñecer os elementos identitarios das sociedades pasadas a través da análise histórica dos seus trazos propios. | | |
| CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade. | Idear e desenvolver propostas activas de mellora da contorna, centradas na protección e divulgación do patrimonio histórico-artístico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos |

| Contidos |
| --- |
| - histórico, artístico e xeográfico. |
| - Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico. |
| - As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores. |
| - O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. |
| - O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada á hora de traballar no curso de terceiro os contidos da materia debe permitir que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo para que poida establecer relacións e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumando adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalos para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe, actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe, organizamos as UD en dous grandes bloques: Xeografía e Historia. Para isto, estruturaremos a materia en situacións de aprendizaxe relacionadas cos contidos das mesmas, ben de xeito individual ou ben agrupándoas.

Para o desenvolvemento das UD, empregaremos unha metodoloxía variada, que tratará de combinar a explicación de contidos teóricos coa realización de tarefas ou proxectos individuais ou grupais. Intentaremos que se adapten aos intereses do alumnado, ofrecéndolles a posibilidade de facer propostas sobre liñas de traballo. Posto que nesta materia é imprescindible a memorización dalgúns contidos, a clase maxistral serviranos para explicalos, incidir nas conexións entre eles e resolver aquelas dúbidas que poidan xurdir.

Os traballos e proxectos propostos serán tamén variados: creación de recursos dixitais ou analóxicos, role-play, debates, etc. Para isto, empregaremos estratexias como a investigación, a análise de novas de xornal, a creación e interpretación de enquisas, etc. Utilizaremos tamén estruturas propias da aprendizaxe cooperativa, así como da aprendizaxe baseada nos xogos. O obxectivo será afondar no desenvolvemento competencial do alumnado, a fin de lograr os obxectivos da materia. Así mesmo, serviranos tamén para fomentar a titoría entre iguais.

As estratexias de gamificación empregaranse no desenvolvemento dos proxectos, posto que o alumnado deberá ir resolvendo algúns retos e obtendo novas pistas ou datos para a realización do seu traballo. Así mesmo, propoñeremos algunha actividade na que o alumno poderá obter algunha recompensa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
| --- |
| Ordenador Edixgal |
| Recursos elaborados pola profesora |
| Novas de xornal |

| |
|---|
| Caderno |
| Recursos cartográficos |
| Recursos fotocopiables |
| Materiais audiovisuais |
| Recursos manipulativos |
| Novelas e fragmentos literarios |
| Xogos históricos |

No entorno EVA estarán dispoñibles os materiais e recursos empregados.
Utilizaremos apuntamentos e presentacións elaboradas pola profesora, que completaremos con algúns materiais que se atopen en aberto na rede. Nesta plataforma tamén estarán dispoñibles as actividades que realizaremos na aula, ben no caderno ou ben a partir dalgunha ferramenta dixital.
Así mesmo, entregaremos fichas e outros materiais impresos ao alumnado. Tamén propoñeremos algunha actividade na que teñan que empregar materiais manipulativos.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial que achegue datos obxectivos sobre a diversidade de coñecementos de cada estudante, o que permitirá centrarse nos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e actividades a realizar. Para levar isto a cabo empregaremos diferentes técnicas ou instrumentos que nos permitan coñecer a situación de partida de cada grupo: expresión e comprensión oral e escrita, busca e selección de información, interpretación de textos e imaxes, capacidade para levar a cabo as actividades nos prazos marcados, etc.

É necesario que as actividades propostas se fagan individualmente xa que desta maneira o profesor terá unha información concreta de cada alumno/a; porén, unha vez revisadas as actividades polo profesor ou profesora pode ser de interese facer unha posta en común na clase para observar as diferentes habilidades e actitudes dos nosos alumnos/as na aula: expresión oral, participación, respecto da quenda de palabra, etc.

Cada docente levará a cabo esta avaliación inicial cos seus grupos nas primeiras semanas do curso, sendo un dos obxectivos a colaboración e coordinación con outros departamentos, xa que o que pretendemos avaliar nun principio son destrezas e habilidades vencelladas, algunhas delas, as técnicas de estudo. A partir de toda a información obtida na aula, máis a que nos proporcione o resto do equipo educativo, poderemos continuar o proceso de ensino-aprendizaxe
Indicadores da avaliación inicial: proponñemos unha avaliación cualitativa mais que cuantitativa que se asente nos principios lingüísticos, tanto no referente á lectoescritura como á expresión oral ou escrita, así como aqueles elementos que garden relación cos aspectos de traballo individual, ou grupo, socioculturais e de estímulo persoal.

**5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **15** | **10** | **15** | **10** | **15** | **15** | **15** | **5** | **100** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 0 | **57** |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 100 | **43** |

**Criterios de cualificación:**

Para todas as materias da ESO do Departamento de Xeografía e Historia, establécense os seguintes criterios de cualificación:

- Probas escritas (escritas ou orais): 70 %
- Táboa de indicadores: 30%

-Actividades individuais e grupais: 20%
-Participación e actitude (notas observación aula): 10%
A cualificación mínima para superar a materia será un 5 mais redondéase á alza a partir dun 4’75. A nota mínima en cada avaliación para poder facer media será un 3.

Na cualificación ao longo do curso teranse en conta as faltas de ortografía, caligrafía e presentación nos traballos propostos. A entrega das actividades fóra do prazo previsto influirá negativamente na cualificación.
Na porcentaxe vencellada ao traballo diario, o alumnado poderá perder 0,10 puntos ata un máximo dun punto na avaliación por cada día que, de maneira inxustificada, non traia o material de traballo necesario á aula. En todos os exames baixarase un 0,10 por cada falta de ortografía, ata un máximo de 1 punto.

Copiar nunha proba escrita ou traballo supón obter un 0 no mesmo, así como o emprego de intelixencia artificial.

Os criterios de promoción serán os recollidos na Lei e nos documentos de centro, aprobados polos órganos competentes.
Na ESO deberanse realizar dúas propias escritas (mínimo) por trimestre.
Instrumentos de avaliación
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións;

presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; posters; exposicións orais, vídeos, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar.

AVALIACIÓN CONTINUA
Consideramos que a presente programación lévase a cabo de maneira continuada, seguindo o progreso diario dos alumnos, observando o traballo en grupo e individual en cada sesión, e mantendo como pautas de seguimento os criterios de avaliación así como o cumprimento dos criterios de avaliación e recollidos no apartado correspondente.

**Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non supere algunha avaliación, no seguinte trimestre proponñeráselle un plan de recuperación, baseado na realización dunha proba escrita e no desenvolvemento de actividades de reforzo (ata 1 punto). No caso da 3a avaliación, este plan de recuperación desenvolverase antes da sesión de avaliación final. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo.
AVALIACIÓN FINAL
Para favorecer que aqueles alumnos con algunha parte suspensa acaden os obxectivos curriculares propostos, entregarase durante as últimas semanas do curso un dossier de actividades centradas nos mínimos esixibles (ata 1 punto). Estas tarefas serán entregadas ao profesor para a súa corrección e o alumnado deberá empregalas para a preparación da proba escrita de recuperación.

**5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña materias pendentes de cursos anteriores recibirá materiais e un seguimento particular por parte do docente que lle imparta a materia de Xeografía e Historia no vixente curso, e realizará dúas probas escritas: unha en xaneiro e outra en abril-maio. As datas das devanditas probas serán consensuadas entre alumno e docente. As probas escritas suporán un  40% da puntuación posible, pertencendo o 60% restante ao seguimento das actividades asignadas polo profesorado responsable. No caso de non superar a cualificación positiva o aumando terá a posibilidade de presentarse na data marcada por Xefatura de Estudos do centro no mes de maio.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Grazas a avaliación inicial podemos identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Así, propoñemos as seguintes medidas de atención á diversidade:
*Aplicación das medidas recollidas nos protocolos ACNEAE publicados pola consellería, segundo as necesidades do alumnado e en colaboración co departamento de orientación.
*Plan de reforzo: destinados a aqueles alumnos con dificultades ou ritmos máis lentos de aprendizaxe. Buscarán incidir no desenvolvemento competencial e nos contidos e destrezas esenciais, necesarios para acadar os mínimos esixibles establecidos para cada criterio.
*Plan de ampliación: se hai algún alumando que mostra unha motivación e desempeño por riba da media, propoñeráselle o desenvolvemento dalgunhas actividades de afondamento sobre algún tema proposto por ela.
Estas medidas son flexibles e teñen como obxectivo adaptarse o máximo posible ao alumnado. Así, serán programadas de acordo con cada UD e desenvolvidas dentro da aula.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Educación cívico-social | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación ambiental | | X | X | X | | | | |
| ET.3 - Educación para a igualdade | X | X | | | X | X | X | |
| ET.4 - Emprendemento | X | X | X | X | | | | |
| ET.5 - Comprensión e expresión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable | X | X | X | X | | | | X |
| ET.7 - Educación para a paz | | X | | | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para o consumidor | X | X | X | X | | | | X |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Por suposto traballar a educación cívica, a igualdade, o coidado do medio ambiente, educación para paz, en definitiva, os ODS...é prioritario nesta materia e neste curso xa que gran parte dos temas curriculares xiran arredor destes aspectos.
Así mesmo, a comunicación audiovisual será aproveitada dun xeito responsable en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente e ao desenvolvemento das competencias das TIC do alumnado.
Como tema transversal incluíuse a comunicación pois vanse promover os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita á sede de La Voz de Galicia en Santiago | Saída a Santiago de Compostela e visita á sede do xornal. Tamén ruta polo centro histórico da cidade. | X | | |

**Observacións:**
As actividades complementarias e extraescolares serán traballadas previamente. e servirán para o desenvolvemento dalgunhas actividades.
Ademais das propostas, coordinarémonos con outros departamentos didácticos para realizar algunhas actividades que poidan xurdir ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| PLANIFICACIÓN |
| Programa a materia tendo en conta os criterios curriculares recollidos na lexislación |
| Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento |
| Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades e ós intereses do alumnado. |
| Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas |
| Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas. |
| DESENVOLVEMENTO DO ENSINO |
| PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE |
| Utiliza criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos distintos contidos |

| |
|---|
| Metodoloxía empregada |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. |
| Proporciona un plan de traballo ó principio de cada unidade. |
| Relaciona os aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. |
| Estimula a participación activa dos estudantes na clase. |
| Resume as ideas principais antes de pasar a una nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas, etc. |
| Cando introduce conceptos novos relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos. Intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos, etc. |
| Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula |
| Desenvolve os contidos dunha maneira ordeada e comprensible para o alumnado |
| Revisa con frecuencia o traballo proposto, tanto na aula como fóra dela |
| Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades do alumnado, e indica pautas para a mellora |
| Emprega diferentes medios para informar dos resultados ós estudantes e ós pais |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica |
| Plantexa actividades grupais e individuais |
| Medidas de atención á diversidade |
| Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado. |
| Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases. |
| Realiza a avaliación inicial ao principio de cada curso para axustar a programación ao nivel do alumnado |
| Detecta os coñecementos previos para cada unidade didáctica |
| Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e cómo poden melloralas |
| Propón novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non son acadados con suficiencia |
| Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel do alumnado, etc. |
| Clima de traballo na aula |
| MOTIVACIÓN DO ALUMNADO |
| Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado |
| Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.
En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.
Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Avaliación da programación docente
A revisión da programación é unha parte importante no proceso de mellora da calidade do ensino, xa que permite comprobar a eficiencia do propio proceso de aprendizaxe. Para avaliar a programación utilizaremos unha serie de indicadores de logro que nos permitirán reflexionar sobre os materiais utilizados (son accesibles para o alumnado, permiten interactuar, son suficientes, atractivos,....), ver si a planificación foi axeitada (número e duración das actividades, obxectivos ben definidos, nivel de dificultade, ...) e si se conseguiu motivar ao alumnado (participación activa, espertar a curiosidade,...). Valorarase o grao de consecución dos obxectivos iniciais expostos para cada nivel educativo.
Deseñaremos instrumentos de recollida de datos en follas de rexistro, no caderno de aula ou mediante enquisas ao alumando. Cada profesor fará un seguimento ao remate de cada unidade didáctica
Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica proponse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade
De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.
Tamén será un criterio de avaliación as suxestións realizadas polo equipo docente en cada sesión de avaliación, cunha atención particular a cada caso individual ou concreto.
O profesorado deste Departamento fará un seguimento trimestral conxunto, valorando o logro dos obxectivos, a correcta secuenciación, a metodoloxía, os resultados e todos

os aspectos relevantes para a optimización do proceso de ensino- aprendizaxe e para introducir as modificacións necesarias para as seguintes avaliacións e para vindeiros cursos académicos.
A revisión da programación didáctica farase mediante a aplicación PROENS no que se farán aqueles cambios para que a programación resulte máis real.
Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

**9. Outros apartados**